



Asunto: Resolución en relación ao recurso presentado no proceso de estabilización de emprego temporal dunha praza estrutural vacante da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo coa denominación “Axente de Emprego e desenvolvemento local”, incurso nos supostos das Disposicións adicionais sexta e oitava da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

(Expediente 210/14)

RESOLUCIÓN

Mediante escrito recibido en data 27.12.2022, a Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia interpón recurso de reposición contra as Bases específicas da convocatoria dunha praza estrutural vacante na Mancomunidad Intermunicipal de Vigo publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en data 30 de novembro de 2022.

O recurso, invocando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade no acceso o emprego público (CE), entende que os titulados en Psicoloxía posúen os coñecementos e habilidades necesarias para desempeñar as funcións da praza convocada, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local, da mesma forma que o poden facer o resto das titulacións incluídas na Base Segunda letra a) da convocatoria.

Mediante informe-proposta de data 16.02.2023, o secretario da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo informa o seguinte:

“A praza de “Axente de Emprego e Desenvolvemento Local”, adscrita na Relación de Postos de Traballo a persoal laboral fixo, grupo de cotización (grupo profesional) 2, non obedece, considerando o contido das funcións a desenvolver (Base Primeira 2), a unhas titulacións determinadas, tampouco ás de Psicoloxía, Socioloxía e outras de coñecementos análogos; a praza cabe encadrala como unha praza de contido xeneralista, razón suficiente para entender que poden participar no proceso de selección convocado aquelas persoas que se atopen en posesión do título universitario de grado ou ben licenciatura, enxeñaría superior ou arquitectura”.

Conforme ao informe emitido **RESOLVO**,

PRIMEIRO. Estimar o recurso de reposición presentado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e declarar nula e non conforme a Dereito o contido da Base Segunda a) das Bases reguladoras específicas da convocatoria dunha praza estrutural vacante da Mancomunidad de Vigo coa denominación “axente de emprego e desenvolvemento local”, aprobadas por Resolución da Concelleira Delegada da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo de data 10.10.2022 e publicadas no Boletín oficial da provincia de Pontevedra con data 30.11.2022.

SEGUNDO. Modificar a redacción da Base Segunda a) que quedará redactada como segue:

“SEGUNDA. Requisitos dos aspirantes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/02/2023 03:24	Páxina 1 de 2
210-14	CSV: AEA128-A1A558-3AE9B8-4ENJF6-8NLZPM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MANCOMUNIDADE
DA ÁREA
INTERMUNICIPAL DE VIGO

As persoas interesadas en participar no concurso de estabilización de emprego temporal reunirán, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, dalgunha titulación universitaria de grado ou ben licenciatura, enxeñería superior ou arquitectura.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro estarase en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite a homologación."

TERCEIRO. Manter na súa integridade o resto do contido das Bases Específicas publicadas no BOP de Pontevedra de data 30.11.2022, procedendo neste acto á súa aprobación.

CUARTO. Publicar o texto íntegro desta modificación da Base específica segunda a) no BOP de Pontevedra e na páxina web da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo (www.maiv.org). O anuncio da convocatoria no BOE sinalará o BOP no que se publicarán as Bases e iniciará o prazo de presentación de solicitudes.

Conforme ao artigo 51 da Lei 39/2015, o anuncio das Bases a publicar no BOP advertirá da conservación dos trámites cuxo contido se houbera mantido igual de non terse cometido a infracción; en concreto advertirá da validez e eficacia das solicitudes de participación presentadas, se fora o caso, conforme as Bases publicadas no BOP de Pontevedra de data 30.11.2022.

QUINTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada (Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia) e proceder a súa publicación na páxina web da Mancomunidad da Área Intermunicipal de Vigo, www.maiv.org.

Fronte á presente resolución poderán interpoñer as persoas interesadas recurso potestativo de reposición fronte a esta Administración no prazo dun mes a partir da súa notificación ou, alternativamente, recurso contencioso-administrativo a formular ante os Xulgados do Contencioso Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados do mesmo xeito.

Lgs

Vigo, na data da sinatura electrónica
A CONCELEIRA DELEGADA DA MAIV (P.D. 12/08/2019)
Patricia Rodriguez Calviño

Dou fé,
O SECRETARIO DA MAIV
José Riesgo Boluda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 24/02/2023 03:24	Páxina 2 de 2
210-14	CSV: AEA128-A1A558-3AE9B8-4ENJF6-8NLZPM-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		